

**PROTOCOLO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO Á ESAD DE GALICIA
NA ESPECIALIDADE DE DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA
PARA O CURSO ACADÉMICO 2021-2022**

Neste documento respéctanse as medidas coñecidas e publicadas polas autoridades sanitarias e educativas, relativas á prevención fronte á COVID-19.

1. COMO ACCEDER AO CENTRO PARA FACER AS PROBAS

- a) Todas as persoas aspirantes chegarán con puntualidade á sede da ESAD de Galicia en cada un dos exercicios aos que están convocadas.
- b) As aspirantes accederán ao centro pola entrada principal. Nese espazo serán recibidas por persoal da ESAD de Galicia.
- c) Para o acceso aos espazos onde terán lugar as probas, o percorrido estará indicado por medio de carteis e sinais no chan. Non se autorizarán desvíos no percorrido deseñado.
- d) Unha vez rematado cada exercicio realizarase a saída por unha porta habilitada para tal efecto.

2. COMO ACCEDER AOS ESPAZOS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO.

- a) As aspirantes ás probas de dirección escénica e dramaturxia serán recibidas o día 6 de xullo ás 9:00 na entrada principal da ESADg e daráselles alí as indicacións oportunas para que poidan acceder ao espazo onde terán lugar os tres primeiros exercicios.
- b) Antes de seren chamadas para a realización do cuarto e do quinto exercicio (a proba de dirección actoral e a entrevista persoal) as aspirantes agardarán nun espazo anexo ao da realización desas probas. Ese lugar manterase debidamente limpo, ventilado e con cadeiras separadas que permitan o descanso durante o tempo de espera.

3. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO

- a) Os tres exercicios escritos realizaranse en aulas debidamente desinfectadas e ventiladas. Cada persoa sentará nunha mesa, que conservará durante toda a sesión. Gardaranse en todo momento as distancias interpersoais que as autoridades sanitarias requiren.

- b) O exercicio de dirección actoral desenvolverase nunha aula práctica de dirección escénica habilitada para tal efecto. Ese espazo contará cunhas dimensións apropiadas, que permitirán manter folgadoamente as correctas distancias de seguridade. Ademais, para a realización desta proba chamarase ás aspirantes en grupos reducidos, de entre 3 a 5 persoas, e daranse as instrucións oportunas para que en todo momento se manteñan as distancias de seguridade e non se compartan obxectos nin mobiliario.
- c) Durante a entrevista persoal, só poderá entrar no espazo habilitado a persoa aspirante a as cinco compoñentes do tribunal. Todas elas gardarán as medidas de distancia e hixiene oportunas.
- d) Entre cada unha das quendas do cuarto e do quinto exercicio procederase á desinfección de todos os obxectos e mobiliario que teña sido utilizado.

4. MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS DURANTE A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO

- a) As persoas que accedan ao centro levarán posta unha máscara e deberán mantela durante a realización das probas, así como tamén durante o tempo que utilicen os espazos comúns.
- b) O centro contará con dispensadores de xel hidroalcohólico, panos de papel e contedores hixiénicos na entrada ao centro, nos espazos onde se desenvolvan as probas e nas saídas habilitadas. Ademais, as entradas ao centro e os espazos das probas contarán con alfombras hixiénicas onde se haberán de limpar as solas dos zapatos.